

O PP solicita polo Plan Concellos da Deputación obras que incluíra no remanente do Concello de 2016

No pleno do 27 de xullo de 2017 tratouse a incorporación, para obras municipais, de máis dun millón de euros procedentes do remanente do 2016; aprobada coa abstención do PSOE e o voto en contra do resto da oposición.

Entre os numerosos investimentos onde decidiu o PP investir este remanente, estaban:

-Acondicionamento e mellora de camiño da Granxa de Vilar, camiño da Barronca de Cesantes e camiño da Cabadiña de Cedeira.

-Acondicionamento e mellora do camiño San Pote de Cedeira e do camiño do Arango, Redondela.

-Acondicionamento e mellora de camiños municipais en Saramagoso, O Viso; e Cabritas, Reboreda.

-Acondicionamento e mellora da rúa Campo das Redes e rúa do Hospital.

O pasado 7 de agosto a páxina do Facebook do Concello de Redondela publicou unha serie de obras e subministros incluídos no Plan Concellos 2018, acusando á Deputación de Pontevedra da demora das mesmas. Curiosamente entre as obras solicitadas atópanse as mencionadas anteriormente e incluídas na modificación de crédito do remanente.



Concello de Redondela

7 de Agosto ás 18:15 · 🌐



INFORMACIÓN SOBRE OBRAS E SUMINISTROS INCLUIDAS NO PLAN CONCELLOS 2018.



ANUNCIO

Informamos aos veciños e veciñas, que a demora nas obras e suministros que se detallan a continuación, ven motivada pola non resolución por parte da Deputación destas obras solicitadas con cargo aos cartos que lle corresponden a Redondela dentro do Plan Concellos 2.018. As solicitudes presentáronse hai xa 5 meses (04/04/2018) e seguimos a espera de poder iniciar as contratacións, xa que non é posible inicialas ata ter a resolución do organismo provincial.

1. CAMPO DAS REDES RÚA HOSPITAL.
2. RENOVACIÓN SANEAMENTO E ABASTECIMENTO RÚA PATRIMONIO CHAPELA.
3. ACONDICIONAMENTO CAMIÑOS SAN POTE E ARANGO CEDEIRA.
4. SANEAMENTO CAMIÑO MOURIÑO, PAPAROXE E RABEXA CHAPELA.
5. ASFALTADO CABRITAS E SARAMAGOS.
6. MELLORA CAMIÑOS BARRONCA, CABADIÑA E GRANXA.
7. REPARACIÓN PATOLOXÍAS DA PISCINA DE CHAPELA.
8. PIANO DE COLA
9. SUMINISTRO DE CAUCHO PARA CAMPOS DE FUTBOL.
10. CORTINAS PAVILLÓN A MARISMA.
11. MEGAFONÍA PARA PAVILLÓNS MUNICIPAIS.
12. CANASTAS, PINTADO E PERÍMETRO DA PISTA DE BALONCESTO DA ALAMEDA DE REDONDELA

No momento en que recibamos a resolución informaremos á veciñanza do inicio do procedemento de contratación. Polo de agora seguimos esperando...

Ademais da reprochable utilización de xeito partidista da páxina do Concello de Redondela por parte do PP, sorpréndenos que o Partido Popular solicite á Deputación unhas obras para as cales o equipo de goberno xa tiña crédito dispoñible dende xullo do 2017. O goberno local puido facer estas obras, e por outro lado, puido ter pedido outras actuacións (para as que non houbera xa partida asignada) ao Plan Concellos da Deputación. **A demora nestas catro obras non se poden achacar máis que ao equipo de goberno, co alcalde e deputado provincial Javier Bas á cabeza.**

Sopréndenos tamén que esta acusación do PP á Deputación, vía páxina de Facebook do Concello de Redondela, non tivera resposta por parte do PSdeG-PSOE de Redondela.

Ninguén no PSOE se deu conta que estas 4 obras solicitadas á Deputación xa estaban incluídas na incorporación de remanente aprobada coa súa abstención incondicional?

Javier Bas (PP) e Digna Rivas (PSOE) deputados por Redondela, tampouco se percataron desta duplicidade? Estes cargos públicos están a cobrar na Deputación como representantes de Redondela, pero parece que lles interesan máis as loitas partidistas que o pobo ao que representan.

E por certo, cando van a facer públicos Javier Bas e Digna Rivas os cartos que reciben da Deputación na páxina de transparencia do Concello tal como se aprobou por unanimidade na moción de AER no pleno do 6 de xuño do 2013?

Redondela, 8 de setembro de 2018